

ELPROGRESO

Manuel Rivas: "Máis que a cocaína, o tema da novela é a loita polo poder"

Jaureguizar / El Progreso

28/out./10

MANUEL RIVAS quedou marcado por un mestre de cando neno que lle daba clase en Elviña. O docente era matemático de formación «e coxo por unha polio», pero detiña as clases para levar os seus alumnos a mirar os combates de boxeo no único televisor. O novelista estivo este martes en Lugo para asinar o seu novo libro 'Todo é silencio' (Xerais, en galego; Alfaguara, en castelán). A obra está artellada arredor do momento no que o triunfo do narcotráfico estivo a piques de converter Galicia nun remedo de Sicilia. A vila da ficción, Brétema, está dominada polo omnipresente contrabandista Malpica.

Cassius Clay é un elemento extemporáneo nesta novela sobre a Galicia costeira e contrabandista. Cal é a súa función?

É un marcador histórico, para situar a acción. De todos os xeitos, aquel mestre quería aprendernos algo con aquelas leccións de boxeo que nos daba. Explicaba o estilo de Clay, o de Joe Frazier,... eu vivín o combate entre os dous.

A figura do mestre é unha constante nas súas obras. Neste caso, encarna a civilización positiva fronte á maldade civilizada que representa Mariscal?

O mestre representa a derrota da Ilustración, que el intenta conxugar con esa paixón pola palabra e pola poesía.

A palabra, o silencio, a comunicación... están presentes en cada páxina. Chama fortemente unha pasaxe na que di que todos na vila de Brétema falan sós, que entre eles hai un diálogo baleiro.

Os galegos temos o segredo en propiedade. É un aspecto pouco tratado. A introspección e a melancolía son camiños de aparencia, porque non sabemos en que pensa unha persoa ensimesmada. No caso desta novela hai un segredo que se vai desvelando, pero ao tempo vaise construíndo outro. Sabemos quen goberna este mundo, pero non quen o domina.

'Todo é silencio' é a crónica dunha loita de poder e pola ostentación dunha riqueza conseguida rapidamente?

Si, máis ca cocaína, o tema desta novela é o poder. Había xente que se encontrou con que podía gañar diñeiro con algo que non era pecado, porque contrabando sempre houbo coas mulleres que pasaban a fronteira preñadas e volvían paridas.

Foi un problema de escala, de empezar a facer o mesmo pero ao grande?

Máis ben de que se rompeu a escala. Houbo un capitalismo máxico. Foi como eses días milagrosos nos que o barco volve a porto cheo de lubina ou robaliza, pero ese día milagroso eran todas as noites. Deuse algo que aparece no 'Manifesto comunista', onde se fai referencia aos capitalistas como o mago tolo, que ten superpoderes e non sabe que facer con eles. Sen embargo aquí había plan, os narcos foron infiltrándose nos concellos e nas cámaras de comercio, mesmo había plan para entrar na Xunta. Xa non lles chegaba con mercar coches mellores cós de Alberto de Mónaco ou de entrar como clientes importantes nos bancos suízos.

Está vostede escribindo a historia do século XX en Galicia nos seus libros, mesmo en 'Os libros arden mal' fala do país falando da Coruña. É algo premeditado?

É certo que hai unha continuidade. 'Os libros arden mal' é un libro sobre o fascismo político, ideolóxico e cultural. Acaba coa pregunta «Que prezo ten isto?». Esa é a pregunta contemporánea e o que liga esa novela con 'Todo é silencio'. Pero non é premeditado. É como o andar de Charlot, que non sabe onde vai, pero que ten un sentido. Agora teño tres historias na cabeza e hai unha relacionada con esta novela.

Ten vostede gran olfacto para escoller os temas. Escribiu sobre a Guerra Civil con éxito, agora fíxoo sobre contrabando e a edición de 12.000 exemplares que tirou Xerais está case esgotada nun mes. A seguinte novela tratará os 80?

Pode ser sobre antes da Guerra, non sei... o que me interesan son as relacións de poder e o xeito no que a cultura actúa con prevención civilizadora como instrumento de dominio cun envoltorio perverso. Pero non escribo pensando neses efectos secundarios. Como dice Miguel Torga, o primeiro deber do escritor é escribir. Escribiría aínda que non me publicasen.

O seu problema non parece ser a resposta do público.

Si, iso é moi importante, pero son escritor porque escribo; non porque teña un carnet que o diga ou que os medios digan que son escritor. O importante é ter unha lingua que partillo cos demais que a falan; é importante sobre todo nesta época na que está nun 'stand by' provocado, nun varamento.

Saír dese varamento semella, neste outono de 2010, unha manobra encomendada a vostede e máis a Diego Ameixeiras, co seu 'Asasinato no Consello Nacional'. O punto é común é que tratan a contemporaneidade en Galicia. O camiño da nosa literatura é ese?

Gustoume moito esa novela de Ameixeiras. Hai unha madurez tremenda. Fai un xogo coa actualidade moi interesante. Na política e na historia hai zonas de sombra, e cada vez máis. Falouse moito da crise da novela, pero a novela ensancha eses espazos aos que non poden chegar a investigación. Hai un tipo de novela que está na fronteira con documentalismo, coa Historia e co novo xornalismo.

Vostede apoia-se na novela negra para escribir sobre narcotráfico.

É unha novela negra, pero non samente iso. Aí está Mankell... O da novela negra é unha estratexia editorial.

Durante dúas décadas os nomes de Rivas e Suso de Toro eran relacionados habitualmente. O compostelán anunciou hai uns meses a súa retirada. Semella que vostede é a única figura da súa xeración que segue tendo presenza nos medios. Séntese como Cassius Clay, só no cumio? Eu son un 'desxenerado'. Síntome preto de Rafael Dieste, de Blanco Amor,... preto do exilio. Eu

non funciono por quintas. Hai un esforzo inútil de provocar nos máis novos que maten ao pai. Está ben no caso do país, pero non dun escritor máis vello.

Como valora a renuncia de Suso de Toro á literatura profesional?

O que lle fixeron a Suso de Toro é unha cabronada. Houbo quen celebrou que deixase de escribir. Eu non creo que vaia deixar de facelo, estou certo de que vai renacer como outro escritor. Tony Faraldo, que vivía en Galicia fuxindo da Guardia Civil, marchou para Granada e alí empezou a escribir cun pseudónimo en árabe e foi feliz.

Vostede tivo tamén a tentación de desaparecer cando empezaron a comparalo co seu fillo Martiño?

Esa é unha situación efémera que entendo ata certo punto. A mín a chismografía soamente me interesa en Proust. É unha comparación fóra de lugar. O meu fillo ten unha profesión que non ten nada que ver coa miña. É algo que pasará.